

CARA DE VELOCIDADE

Textos de MARGA TOJO

Ilustracións de MARÍA HERGUETA

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 48 páx. 15 €.

Cara de velocidade (galego)

ISBN 978-84-8464-376-0. Poesía ilustrada.

Cara de velocidad (castelán)

ISBN 978-84-8464-375-3. Colección Orihuela.

X PREMIO INTERNACIONAL CIDADE DE ORIHUELA DE POESÍA

Dou pasos

de xigante.

Son unha exploradora

do asfalto

en busca dun botín...

[Fragmento do poema titulado “En busca do botín”]

“Cara de velocidade” é o resultado de acudir á literatura como bálsamo, refuxio e bitácora da superación de «H». Neste poemario están presentes os seus avances en forma de *pasos de xigante* e a satisfacción do retorno ao fogar logo dunha convalecencia; a enfermidade toma forma de *monstro* ao que se desafia, co que se dialoga e convive; e sobre todo, a vida cotiá afróntase con humor, fortaleza, optimismo e imaxinación fronte á adversidade.

A superheroína con *superpoderes* que protagoniza estes versos urbanos ten a capacidade de converter a hora de comer nun xogo disparatado ou nunha festa con improvisados instrumentos musicais; e dun accidente caseiro xorde a excusa perfecta para fantasear con fascinantes peripecias, transcendendo as súas consecuencias negativas.

Marga Tojo proxecta nela os seus temores e ledicias, ou inquedanzas cotiás que, a través do filtro literario, chéganos baixo o punto de vista infantil, cargadas de divertidas metáforas e cunha lírica musical -de efectos terapéuticos- que bebe de voces contemporáneas: Patti Smith, The Rolling Stones, Nina Simone, Fran Pérez Narf...

María Hergueta afonda no carácter lúdico dos poemas cunhas ilustracións próximas á estética do cómic de aventuras, con trazos estilizados e cores planas.



■ **Temática:** poesía urbana.

■ **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.

■ **Aspectos destacables:** X Premio Internacional Cidade de Orihuela de Poesía para Nenas e Menos; influencia da música contemporánea; superación fronte á adversidade, humor, imaxinación; da ilustradora de “A coelliña Marcela” (Kalandraka).

Marga Tojo

(Santiago de Compostela)

Escritora e xornalista. Traballou en prensa dixital -Eldiario.es, Praza.gal e Galizaanocero.tv- e impresa -Galicia Hoxe, onde foi responsable da área de políticas sociais e do suplemento dominical ata o peche desa cabeceira, Revista Luzes, El Correo Gallego e Revista do Audiovisual Galego-. Foi co-fundadora do proxecto xornalístico Dioivo, ademais de participar no Festival Cineuropa de Santiago. Afincada en Madrid, forma parte do consello editorial de Altermundo. É autora do poemario “Últimos brúidos” (2016) e do ensaio “Maternidade fóra de catálogo” (2018).

María Hergueta

(Valencia)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca. Tamén estudou na Escola Massana de Arte e Ilustración e nas facultades de Belas Artes de Brera (Italia) e Barcelona. Tralo seu primeiro libro ilustrado, “A coelliña Marcela” (KALANDRAKA), colaborou con editoriais, xornais e revistas de varios países. Reicibi o Premio Junceda 2013 de Ficción Infantil por “Quando no estás aquí”, que figura na selección The White Ravens.

<http://mariahergueta.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com